

AS OLLADAS DOS BRETÓNS SOBRE GALICIA (1966-2016)*

Jean-François Botrel

Université Rennes 2

DOI: [10.17075/gboc.2020.001](https://doi.org/10.17075/gboc.2020.001)

* Grazas a Françoise Dubosquet, Bernard Le Gonidec, Pierre Joubin, Moisés Ponce de León Iglesias e Christine Rivalan Guégo pola información e as observacións.

«Non-os coñecemos e somos irmáns de certo. Celtas todos [...]. Nin os bretóns nos coñecen nin nós a iles. Isto é ben triste.» (Castelao a Risco, 26-VII-1929¹) = «Ni les Bretons ne nous connaissent ni nous ne les connaissons. Cela est bien triste².»

UN LAMENTABLE DESCOÑECEMENTO

A pesar de Ponto, de Lancelot e da forza do imaxinario artúrico; a pesar do bispo de Bretonia (*Mailocus Britonensis ecclesiae episcopus*³) e da presenza de Santiago⁴ e da literatura xacobeá, como na *gwerz* de *dom* Jean Derrian⁵, ou, para pasarmos a algo máis pedestre —se así se pode dicir—, do comercio marítimo das «mercadorías da Bretaña», pero tamén das palabras, por veces acaloradas, intercambiadas no mar Cantábrico entre «curmáns» —os pescadores galegos e os de Lorient ou Concarneau—, Galicia foi, durante moito tempo, pouco coñecida na Bretaña.

En 1904, Ch. Le Goffic non menciona Galicia no seu ensaio sobre o «movemento pancéltico»⁶ e, en 1929, entre os bardos cos que se puxeron en contacto os «celtas do sur», paladíns da «Galicia céltiga» e portadores da «esperanza celta», tan só Philéas Lebesgue (druída Ab Gwenc'hlan) parece ter certo coñecemento

¹ Ápud Olga Novo (2011): «Castelao no bosque de cruceiros. A viaxe a Bretaña de 1929», *Moenia*, 16, 21.

² Yann Bévant / Gwendal Denis (comps.) (2012): *Le celtisme et l'interceltisme aujourd'hui : actes du colloque de Lorient des 11 et 12 octobre 2010*, Rennes, TIR, 215.

³ Cf. Gildas Bernier (1982): *Les chrétientés bretonnes continentales depuis les origines jusqu'au IX siècle*, Rennes, Travaux du Laboratoire d'Anthropologie Préhistoire-Protohistoire et Quaternaire Armoricaín, e íd. (1983): «As igrexas bretonas en Galicia», trad. do orixinal fr. «Les églises bretonnes en Galice», *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 1, 67-74.

⁴ Cf. Jean Roudier: *Saint-Jacques en Bretagne: culte et patrimoine* (2005), *Iconographie de Saint-Jacques* (2008) e *Par terre et par mer : les pèlerins bretons à Compostelle* (2010).

⁵ «E han de San Jacque e Galice / Léh mes has Doué en é justis» = «Voy a Santiago en Galicia / A donde me manda de Dios la justicia» (cito dunha versión recollida en Melrand en 1883). En bretón, a Vía Láctea chámase *Hent Sant Jakez* e é o purgatorio das almas que se achan en tránsito.

⁶ Cf. Ramón Villares (2017): *La Bretagne dans la culture galicienne : ressemblances et connexions*, discurso pronunciado con ocasión do nomeamento do autor como doutor *honoris causa* o 7 de marzo de 2017, Rennes, Université Rennes 2, 13-14 (http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/discurso-Ramon-Villares-Rennes_.pdf).

de Galicia, como dá a entender o seu poema «Vigo», porque o que di dela Taldir en *An Oaled*, en 1929, é como mínimo aproximado⁷.

Este lamentable descoñecemento mutuo, aínda constatado polo xornalista de *Ouest-France* Joseph Fontaine, que descobre Galicia en 1966⁸, comezou a retroceder na Bretaña a primeiros da década de 1960 a partir de dous eixes principais de aproximación: o da investigación das semellanzas e o do desenvolvemento económico.

«GALICIA, ESA BRETAÑA ESPAÑOLA»

Recoñezamos que, nesa altura, a imaxe de España en Francia e na Bretaña é máis a de Carmen que a de María Castaña ou María Balteira⁹. E a representación que teñen de Galicia os bretóns (e talvez os demais) faise a partir da súa semellanza coa Bretaña. É o caso do primeiro artigo sobre Galicia destinado ao público en xeral, que apareceu os días 30 e 31 de agosto de 1966 en *Ouest-France* baixo o título «La Galice, cette Bretagne espagnole» («Galicia, esa Bretaña española»), no cal o xornalista Joseph Fontaine, que obtivera gran parte da información de Álvaro Cunqueiro, a quen coñecera en Vigo, ve en Galicia, que é da «familia celta», unhas paisaxes bretoas, un pouco de «terra de lenda», algo arcaica, mais tamén unha provincia anteriormente afectada pola emigración, cada vez máis influída polo desenvolvemento industrial, con, por exemplo, a fábrica de Citroën en Vigo, e que ocupa unha posición tan atlántica como a Bretaña: «[Q]ue a unha e a outra, entre as cales non hai Pireneos, acaben por atopar os medios de desenvolveren os seus intercambios, quen non o desexa?», conclúe (ilustr. 1). Trátase, sen dúbida, da primeira vez que o ollar dos bretóns se ve, así, atraído cara a Galicia, antes de que todos os

⁷ Por exemplo, cando se refire a «Galicia», ese «Finistère ibérico, onde tres millóns de habitantes, irredentistas portugueses, non aturan máis que de mala gana o xugo de Castela! Chámanse a si mesmos, no seu dialecto, “O Poblo [sic] Gallego”, é dicir, *Ar Pobl Galleg (le Peuple Gallique)*. A característica da súa raza é a “saudade”, como lle din, ou, noutras palabras, o ser brincadora, rebelde, lixeira, segundo é costume representar os celtas» [Ápud (s. d.) *Le Celtisme dans Nós, revue galicienne (de 1920 à 1936)*, s. l.].

⁸ «A Bretaña non lles di gran cousa aos galegos cos que nos topamos (a mesma experiencia poderían tentar na Bretaña os galegos: daría resultados diferentes?)», escribe J. Fontaine (*Ouest-France*, 30 de agosto de 1966).

⁹ Cumpriría, por exemplo, analizar a imaxe que dan de Galicia e, máis en xeral, do norte de España os manuais de ensino do español.

franceses que non sabían que Franco e Fraga Iribarne eran galegos fosen informados, en xuño de 1970, de que o xeneral De Gaulle se aloxara, a título privado, no parador de Cambados¹⁰ e fora investido Caballero del Capítulo Serenísimos del Vino Albariño.

Hai que agardar ata 1985, coa publicación que fixo, baixo os auspicios do Institut Culturel de Bretagne, o Comité Bretagne-Galice (Comité Breaña-Galicia), reactivado en 1980, da guía *La Galice*¹¹, con prefacio de Gerardo Fernández Albor, para que se lles ofrezca aos bretóns unha idea máis completa de Galicia, sen insistir de máis nos «paralelos»¹². Con todo, nesta altura Galicia vese máis ben a través do prisma bretón, por medio do establecemento de semellanzas¹³, e así é aínda hoxe, como testemuña a presentación que dela se fai no sitio web oficial do Festival Intercéltico de Lorient (FIL):



1. «Galicia, una Breaña española» (*Ouest-France*, 30-8-1966)

Galicia, ondulada e verde, non deixa de lembrar á Breaña, sobre todo na súa zona costeira, onde as rías (entre pesca, acuicultura e turismo) evocan os *abers* (rías) e *avens* (ríos) bretóns. A lingua céltica perdeuse baixo a ocupación romana, mais deixou pegadas nalgúns nomes de lugar [...]. [...] Galicia, illada no «Finistère» español [...]

¹⁰ «Charles de Gaulle buscou en Cambados su esencia celta», lembra o *Faro de Vigo* (2012). Cf. Álvaro Fleites Marcos (2008): *De Gaulle y el gaullismo en la prensa y la opinión pública española (1958-1970)*, tese defendida na Universidade de Oviedo, e id. (2009): *De Gaulle y España*, Avilés, Azucel.

¹¹ Louis Le Moing (dir.) (1985): *La Galice*, col. Cahiers de l'Institut Culturel de Bretagne, 7, 144 pp.

¹² Nela abórdanse a xeografía, a historia, Santiago, a emigración, a organización en comunidade autónoma, a literatura, a lingua (mesmo con inclusión dun breve léxico), as crenzas, as artes, o turismo, a gastronomía, o clima, os medios de comunicación e as relacións coa Breaña. Entre os autores figura J.-F. Botrel, pero o seu texto sobre a historia de Galicia, xulgado «moi denso e contundente», ao cabo non se publicará.

¹³ Cf., por exemplo, Robert Omnès (1987): «La Galice : une Bretagne ibérique», en *Études sur la Bretagne et les pays celtiques : mélanges offerts à Yves Le Gallo*, Brest, Centre de recherche bretonne et celtique.

e na web pode lerse: «Galicia: aire bretón no noroeste español».

En efecto, non se esquecen as raíces celtas compartidas: Galicia é «un país céltico no corazón de España» e forma parte das «Terras Celtas», algo evidente xa na década de 1960, mesmo se esas afinidades celtas, a miúdo afirmadas e subliñadas, se toparon con algunhas dificultades para ser tidas en conta polos investigadores, nomeadamente os historiadores, que apenas distinguen Galicia no conxunto hispánico ou atlántico-céltico; así, nas historias xerais e dicionarios da Bretaña, Galicia está lonxe de ser tomada en consideración de igual maneira que Irlanda e o País de Gales, e incluso na *Histoire de Bretagne et des pays celtés* publicada a comezos da década de 1980 por Coop Breizh, que trata tamén a illa de Man, Galicia non consta máis que de forma incidental, no último tomo. Os fundamentos científicos da celtitude galega deixaranse para máis tarde e virán, sobre todo, da banda de Galicia¹⁴.

Prevalece a «actitude celta» que se anuncia, a partir de 1954, coa participación de grupos folclóricos galegos no Festival de Cornamusas de Brest e, a seguir, de grupos bretóns en manifestacións célticas en Galicia, a principios da década de 1960¹⁵. Tal actitude acha a súa maior expresión, a máis duradeira e visible, na presenza de grupos galegos en Quimper e logo en Lorient, antes de se estableceren oficialmente relacións e, sobre todo, antes de chegar Carlos Núñez, que lle dá outra dimensión ao fenómeno, e de actuaren, por exemplo, Pan de Capazo e Bolboreta en Lorient¹⁶.

Canto ao movemento bretón (*emsav*), na súa versión neonacionalista, moderna e anovada, non pareceu demostrar un interese particular pola corrente nacionalista galega¹⁷, malia existiren vencellos coa Unión do Pobo Galego¹⁸. É, sobre todo, o Estatuto de autonomía de Galicia (1981) o que, sen dúbida, serviu de referencia ou modelo na reivindicación dunha maior autonomía.

¹⁴ Para María Lopo, por exemplo, «[a] Galicia contemporánea non podería explicarse sen a súa vocación atlántica e a súa vontade céltica» (íd. [2010]: «L'imaginaire celtique en Bretagne. Littérature et identité», en Yann Bévant / Gwendal Denis / Hervé Le Bihan [eds.], *Cultures, langues et imaginaires de l'Arc atlantique*, Rennes, TIR, 46).

¹⁵ Cf., neste libro, Ramón Villares: «Galicia e Bretaña. Relacións e analoxías entre dúas nacións culturais».

¹⁶ Cf. Alain Cabon (2010): *Le Festival interceltique de Lorient*, Rennes, Ouest-France.

¹⁷ En Galicia presentárase, a finais da década de 1970, unha delegación da Unión Democrática Bretoa, encabezada por Ronan Leprohon e da que formará parte B. Le Gonidec.

¹⁸ No Centre de recherches bretonnes et celtiques consérvanse a «Carta de Brest», documento clandestino a prol da autodeterminación asinado na Bretaña en 1974, e documentos dos anos 1972-73 relativos á Unión do Pobo Galego.

En troques, o carácter fisterrán de Galicia, de cabo do mundo (*pen ar bed*), alí onde leva e conclúe o Camiño de Santiago, lémbrese decontino ata hoxe¹⁹, como unha semellanza máis, para pronto se atopar englobado na noción, máis xeoes-tratéxica e europea, das «rexións periféricas», do Arco Atlántico ou das «cidades atlánticas»²⁰.

No parecido climático, que non constitúe realmente un argumento propicio para o desenvolvemento do turismo entre os europeos heliotrópicos, apenas se deteñen os distintos autores: en Galicia chove, igual que na Bretaña, pero máis nada.

Así son, dun xeito desconexo e máis ou menos explícitos e perceptibles, os identificadores bretóns dunha Galicia vista, sen dúbida, dunha maneira tirando a un pouco pasadista, visión que puideron reforzar algunhas das exposicións propostas²¹ e que persiste ata hoxe, en competencia desigual coas novas imaxes producidas pola investigación ou no ámbito universitario.

Se quixen comezar lembrando estas representacións de Galicia dispoñibles na Bretaña, é porque me parece que, en graos diversos, determinaron ou, polo menos, orientaron as correntes de interese económico, científico ou cultural por Galicia observables na Bretaña.

OUTRO *FINIS TERRAE EUROPEO*

Unha primeira ilustración vénnos dada pola creación, en xullo de 1966, baixo a égida do Comité d'étude et de liaison des intérêts bretons (CELIB), do Comité Bretagne-Galice. Na presentación que nesta ocasión se fai de Galicia, ponse

¹⁹ Cf., por exemplo, María Lopo / Yvan Boëlle (2002): *La Galice : vers Compostelle*, Rennes, Ouest-France, reeditado en 2009 baixo o título *Galice et Compostelle : l'autre Finistère*.

²⁰ Se ben Galicia parece ir sempre á procura de recoñecemento en canto «nación céltica», é admitida de pleno dereito no «arquipélago céltico» situado no seo do Arco Atlántico, que pasa por alto Escocia, o País de Gales e Irlanda. Este status de *finis terrae* ilústrao poeticamente María Lopo, na colección Terre celte das Éditions Apogée, con *Fisterra* (1999).

²¹ Sen pretensión de exhaustividade: *Ex-votos marins de Bretagne et de Galice* («Exvotos mariños da Bretaña e de Galicia», Douarnenez, Carrefour des régions d'Europe, 1987), *Impressions de Galice dans les années 30. Photographies José Suárez* («Impresións de Galicia nos anos 30. Fotografías de José Suárez», Douarnenez, 1987), *Artistes des nations celtes* («Artistas das nacións celtas», Lorient, 1980), *Terres d'infini* («Terras do infinito», Douarnenez, 2011) e *Galice. 8 photographes contemporains* («Galicia. Oito fotógrafos contemporáneos», Lorient, 1992).

o acento sobre as «similitudes», xa sexa no tocante á xeografía, xa á economía ou á poboación, «que é da mesma orixe étnica»²² (ilustr. 2). Mais son claramente os intereses económicos da Bretaña o que primeiro se destaca:

En efecto, trátase de que a Bretaña entre no mercado español, que por mar constitúe unha das saídas comerciais naturais da nosa rexión, e España vaise converter, cada vez con máis forza, en importadora de produtos que lle pode fornecer a Bretaña. Ora ben, existe en España unha rexión de orixe céltica, Galicia, que pode ser considerada como ponte entre a Bretaña e o resto de España.



2. «En el mundo céltico, Galicia y los bretones» (*La Vie Bretonne*, maio de 1966)

Velaquí o razoamento que se fai nun documento datado o 25 de marzo de 1966²³. Con todo, mesmo se parecen subsidiarias con relación á posición das dúas «provincias» na periferia de Europa²⁴, non se esquecen, como se ve, as afinidades célticas entre a Bretaña e Galicia²⁵. Do 24 ao 31 de outubro de 1966, unha delegación bretoa descubrirá Galicia²⁶ e, en xuño de 1967, será unha delegación

²² «La Galice et nous», *La Vie Bretonne*, 65, maio de 1966, p. 31.

²³ Archives municipales de Rennes (AMR): 1530W83. Segundo o mesmo documento, os españois, pola súa banda, consideran que a «Bretaña francesa» está «moi próxima a [eles] pola existencia de vencellos de orixe común e polas [súas] relacións históricas a través do mar atlántico».

²⁴ Para os seus iniciadores, trátase, sobre todo, dunha operación de achegamento rexional destinado a fomentar a economía da zona oeste europea. No programa de actuacións inicial, prevese a implantación dun *ferry* entre dous grandes portos de ambas as rexións «para facer pasar pola Bretaña parte do movemento turístico francés e europeo que se dirixe cara a Galicia e ao conxunto da Península Ibérica», comunicacións aéreas polo menos durante o verán e liñas marítimas regulares para o transporte de pasaxeiros e mercadorías.

²⁵ Son evocadas con frecuencia en *La Vie Bretonne* por Joseph Martray e Morvan Duhamel.

²⁶ Na súa intervención en Santiago de Compostela, René Pléven, presidente do CELIB, subliña as similitudes existentes entre as dúas rexións: «Técnicamente, somos celtas; xeoloxicamente, o noso solo é de granito; xeograficamente, atopámonos ao noroeste das nosas respectivas nacións», declara (*La Vie Bretonne*, 101, xaneiro de 1967, p. 28).

galega a que percorra a Bretaña²⁷. A estas visitas seguirá unha viaxe de estudos que diversos profesionais bretóns da pesca farán a Galicia en maio de 1969. Ao respecto existen fontes informativas que permitirían ir máis lonxe na análise deste momento clave.

En última instancia, esta intensa mobilización, máis evidente do lado bretón que do español, pese á creación dun Comité Galicia-Bretaña²⁸, polo momento non desembocará noutra cousa que nun irmandamento entre as cidades de Dinan e Lugo²⁹ e no establecemento dunha liña marítima entre Saint-Nazaire e Vigo, basicamente para as necesidades da Citroën, mentres ao mesmo tempo (en 1973) se crea a Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas, con sede en Rennes. Poderase observar que este enfoque tivo algúns efectos beneficiosos na economía bretoa e na galega.

GALICIA, OBXECTO DE ESTUDO CIENTÍFICO PARA HISPANISTAS BRETÓNS

Mentres que o Comité Bretagne-Galice entrou en latencia en 1970³⁰, foron, a continuación, unha serie de hispanistas bretóns os que empezaron a considerar Galicia como obxecto digno de estudo no conxunto hispánico.

Entre as súas motivacións, máis que o coñecemento de Galicia, aínda bastante limitado, áchase, á vez, a vontade de afirmar unha diferenza —a deles?—, rachando cos estereotipos referidos á España mediterránea para reivindicar unha España atlántica, húmida e verde, sen dúbida cunha xa nostálgica pro-

²⁷ A delegación estaba composta por 19 membros, entre os que se contaban os alcaldes da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo (cf. *La Vie Bretonne*, 103, xuño-xullo de 1967, pp. 41-45). En xullo de 1969, unha delegación galega fará unha estadía na Bretaña con ocasión do Festival Intercéltico de Quimper e será recibida en Rennes o día 25.

²⁸ Este comité estará presidido, sucesivamente, por un tal Taboada García, presidente da rexión económica do Noroeste, e por Enrique Thomas de Carranza (1918-2005), antigo director de Radio Nacional de España.

²⁹ Este irmandamento, asinado en 1966, levará a Yvonne Jean-Haffen a facer unha estadía en Lugo (cf. «Une artiste bretonne en Galice», *La Vie Bretonne*, 110, p. 65).

³⁰ Por mor, segundo o seu presidente, o almirante Amman, da dificultade de establecer irmandamentos con concellos non elixidos democraticamente e do endurecemento do réxime, co proceso de Burgos.

cura dunhas paisaxes e unha ruralidade que se perderan na Bretaña mais se conservaban en Galicia, por veces tinguida dun celtismo difuso, nun contexto europeo no que as rexións periféricas comezan a facerse oír e a organizarse. Un espazo atlántico onde Galicia e a Bretaña son percibidas como «rexións marítimas; rexións, tamén, durante moito tempo poboadas por labregos pobres e dependentes; rexións, ao cabo, periféricas, economicamente marxinas», como escribe Bernard Le Gonidec, que achou aí os fundamentos dunha «afinidade identitaria» e en 1971 será o primeiro, xunto á súa dona, Marie-Yvonne, en botar raíces físicas en Galicia³¹.

Isto vai dar lugar a polo menos tres iniciativas: a creación do Centre de recherches sur le nord-ouest de la péninsule Ibérique (1977-1983), chamado Noroeste; unha viaxe de estudos e un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela.

No proxecto inicial do Centre de recherches, presentado en 1976 por J.-M. Massa e J.-F. Botrel, destacábanse

os particulares vencellos (xeográficos, culturais, marítimos e económicos) que unen a Bretaña e o extremo oeste da Península Ibérica (Galicia e norte de Portugal), así como un pasado de investigacións realizadas neste ámbito desde [había] unha década.

O primeiro programa de investigación debía versar sobre os temas «Tradicións e mentalidades dos campesiños e da xente de mar: un problema de identidade cultural» e «O desenvolvemento económico das rexións periféricas». Pronto foi abandonado en beneficio doutras investigacións sobre a prensa local en Galicia, primeiro a de Ortigueira e despois, nunha perspectiva comparada, en Galicia e na Bretaña, en asociación coa Universidade de Santiago de Compostela, no marco dunha Acción integrada franco-española para o ano 1981, que non saíu adiante³². Seguirán poucas publicacións³³, mais no haber de Noroeste, que tamén tivo o

³¹ Correo electrónico a J.-F. Botrel do 17 de decembro de 2017.

³² Cf. «Note sur le programme de recherches conjointes sur la presse locale en Galice et en Bretagne» (Archives départementales d'Ille-et-Vilaine [AD35]: 101J67).

³³ Cf. Gabriela Iturra de Obregón (1984): «*El Escolar de Ortigueira*: un periódico infantil de principios del siglo XX», en Carmen Salauín-Sánchez (dir.), *Presse et public*, Rennes, Université de Rennes 2 Haute-Bretagne; íd. (1989): «La emigración gallega hacia América en *El Escolar*», en *Ponencias da Primeira*

proxecto de organizar ensinanzas de galego, poden facerse constar dous seminarios: o levado a cabo o 20 de abril de 1980, con Abel Bouhier («Le minifundium galicien : nouvelles approches» [«O minifundio galego: novas aproximacións»]), e o de 1982, con Jean-Marie Lavaud («La Galice dans le théâtre de Valle Inclán» [«Galicia no teatro de Valle-Inclán»]), así como un proxecto de revista en forma de fascículo que se chamaría *Noroeste* e non *Galerna* ou *Finisterrae*, e, sobre todo, o inicio dun fondo documental galego mediante adquisición ou doazón (como a da Fundación Barrié de la Maza en 1982), o cal, en abril de 1980, comprende xa polo menos noventa referencias (entre as que figuran *La Voz de Galicia*, á que se fixo unha subscrición a partir de xuño de 1976, e a *Gran Enciclopedia Gallega*, en curso de adquisición), que se engaden ao arredor dun cento de referencias da biblioteca da «Sección de Español». A partir deste núcleo constituirase o importante fondo galego que hoxe alberga a Biblioteca Universitaria de Rennes 2 e nel, en parte, apoiaranse numerosos traballos de fin de mestrado dirixidos por Bernard Le Gonidec.

Na xustificación da viaxe de estudos que farán, acompañadas por dous docentes, dez estudantes de Administración Económica e Social (AES) e do Mestrado de Ciencias e Técnicas (MST), do 15 ao 27 de marzo de 1977, ponse de manifesto o interese que presenta a realización dun

estudo comparado de dúas rexións periféricas de Europa [...] que teñen en común o desempeño dun conxunto polivalente de actividades (agrícolas, marítimas, turísticas e industriais) e o estaren en desvantaxe con respecto aos polos de actividade de Europa, mais tamén unha serie de bazas relacionadas coa súa situación na fachada marítima³⁴.

Canto ao acordo de cooperación entre Rennes 2 e a Universidade de Santiago de Compostela, asinado en 1978, terá fecundas consecuencias para a cooperación universitaria entre a Bretaña e Galicia e, sen dúbida, máis alá desta.

Citaremos os intercambios de estudantes, desde 1980, cunha estadía en Rennes de seis alumnos da Facultade de Ciencias da Educación da Coruña

Edición da Universidade Popular de Ortigueira. Coa creación, en 1981, dun grupo de investigación sobre a prensa ibérica e latinoamericana en Rennes (PILAR2), estes estudos relativos á prensa local veranse englobados nunha problemática máis ampla.

³⁴ Cf. AD35: 1530W83 e o «Rapport technique...» do 3 de maio de 1977 (AD35: 101J67).

e outra estaba en Galicia de seis estudantes de español, e, máis adiante, a partir de febreiro de 1986, tras a visita de Jesús Lago en xuño de 1985, os intercambios que tiveron lugar no marco do programa Erasmus; a presenza regular en Rennes de lectores seleccionados pola Universidade de Santiago de Compostela³⁵; a de profesores desta institución convidados por Rennes 2³⁶ e a participación de diversos investigadores en congresos e coloquios organizados en Galicia ou na Bretaña, mais non sempre a propósito dunha destas terras, e en tribunais de tese; e así ata hoxe, coa existencia de cotutelas coa Escola de Doutoramento de Santiago³⁷ (campus de Lugo), o que favorece unha maior mobilidade dos axentes, con estadias regulares en Galicia ou na Bretaña. Sen esquecer os dous doutoramentos *honoris causa* concedidos pola Université Rennes 2 a senllos estudosos galegos: Claudio Rodríguez Fer (2012) e Ramón Villares Paz (2017)³⁸.

Todo isto viuse acompañado dunha importante produción científica relativa a Galicia en Rennes 2, pero tamén nas demais universidades bretoas. En Rennes 2, se ben existían xa investigacións sobre o tema, é a comezos da década de 1980 cando se intensifica a produción³⁹: de 1981 a 1993, cóntanse polo menos 19 traballos de fin de mestrado que teñen por tema Galicia⁴⁰. Trátase de estudos elaborados a partir da prensa galega ou referidos a esta, mais tamén os hai que versan sobre a cuestión da lingua, a emigración ou o sentimento nacional, ou mesmo sobre a fotografía ou o punk céltico e, nunha perspectiva comparada, sobre a morte e o alén na tradición bretoa e na galega, as cidades

³⁵ Como María Lopo, Rosa Linares, Alfredo Rodríguez, Santiago Díaz Lage etc. Sobre este período contén información valiosísima o texto de Xesús Lago Garabatos «A un home bo e xeneroso», publicado en Jean-Pierre Sánchez (dir.) (2000): *Galice-Bretagne-Amérique latine : mélanges offerts à Bernard Le Gondec*, Rennes, Université de Rennes 2 Haute-Bretagne, 9-18.

³⁶ Citemos, por exemplo, a Xavier Castro, Jesús de Juana, Aurora Artiaga, Alfonso Rey, Antonio Figueroa, Claudio Rodríguez Fer, Gérard Lelièvre Houiseau, Manuel González e Xesús Lago.

³⁷ Como a de Olga Novo sobre o tema *El sueño de una Armórica Galaica: imágenes de la Bretaña en la literatura gallega contemporánea*, defendida en xuño de 2017.

³⁸ Cf. C. Rodríguez Fer, *Meus amores celtas* (2010) e *Máis amores celtas*, e R. Villares, *La Bretagne dans la culture galicienne...*, *op. cit.*

³⁹ Antes de 1967 xa existían investigacións de Jean Mounier sobre os climas oceánicos das rexións atlánticas de España e Portugal que desembocarán na súa tese de doutoramento oficial, defendida en 1977, e sábese de tres TFM dedicados ás temperaturas en altitude medidas por radiosondaxes feitas sobre A Coruña (13 pp., 1964), á lírica galego-portuguesa e á poesía popular galega en comparación coa da Bretaña (1966).

⁴⁰ Fonte: <http://services.univ-rennes2.fr/memorabile/>.

romanas litorais en Galicia e na Armórica, o *Merlín e familia* de Cunqueiro, o problema agrario etc., ou simplemente «Galicia e a Bretaña». Tras a marcha por xubilación de B. Le Gonidec en 1995, minorárase o ritmo (nove TFM entre 1997 e 2013), mais logo se defenderán algunhas teses⁴¹. Xa se estaban a organizar actividades de dinamización arredor de Galicia que se abrían ao público en xeral, como, en 1987, na Maison de la Culture de Rennes (coñecida como «le Grand Huit», ou «o Grande Oito»), un *Carrefour des régions d'Europe* ou «Encrucillada das rexións de Europa», coa presentación de textos de escritores galegos, e, na Biblioteca Universitaria, unha exposición de fotografías de Galicia.

Na Université de Bretagne Occidentale (UBO) organizouse, en 1997, un coloquio internacional sobre os celtas e a Península Ibérica⁴². Este interese polo celtismo prolongárase no coloquio de Lorient de 2010 sobre o celtismo e o interceltismo⁴³, xa en competencia coa noción, máis económica ou xeoestratéxica, de Arco Atlántico⁴⁴, con artigos dedicados a Galicia en ambos os casos. Porén, na súa tese de 2010 sobre o interceltismo, Erwan Chartier non trata Galicia máis que dun xeito marxinal⁴⁵.

Canto aos TFM defendidos en Brest e catalogados na Biblioteca Universitaria, trátase, polo que parece, de traballos posteriores ao ano 2000 e están dedicados a Manuel Murguía, ao *hombre lobo*, a Manuel Fraga Iribarne, ás «pedras en Bretaña y Galicia» e ás lendas tradicionais.

En Lorient, o acordo suscrito entre a Université de Bretagne Sud e a Universidade de Vigo en 1998 non semella que tivese, polo de agora, repercusión ningunha sobre as investigacións que se levaron a cabo.

⁴¹ Como a de Juan José Fernández sobre *As crónicas do sochantre*, con presentación, tradución e notas (1986); a de Moisés Iglesias sobre o tema *Lardoise en Espagne : histoire et économie* (1995) e a de Loïc Fravallo con *Alvaro Cunqueiro ici et ailleurs : parcours littéraire et idéologique d'un auteur galicien* (2000). Cun enfoque inverso, María Lopo defenderá na Université Rennes 2, no ano 2002, unha tese sobre Eugène Guillevic (cf. íd. [2004]: *Guillevic et sa Bretagne*, Rennes, PUR, e íd. [2007]: *Univers Guillevic*, Rennes, TIR).

⁴² Cf. Yvon Cousquer / Helios Jaime / Robert Omnès (dirs.) (1999): *Les Celtes et la Péninsule Ibérique : actes du colloque international. Brest, 6-7-8 novembre 1997*, Brest, UBO.

⁴³ Yann Bévant / Gwendal Denis (comps.), *Le celtisme...*, *op. cit.*

⁴⁴ Yann Bévant / Gwendal Denis / Hervé Le Bihan (eds.), *Cultures, langues...*, *op. cit.*

⁴⁵ Cf. Erwan Chartier, *La construction de l'interceltisme en Bretagne, des origines à nos jours : mise en perspective historique et idéologique*.

No referido a Nantes, a excepción dun TFM de 1996 titulado *Comparaison entre sociétés nobiliaires galicienne et bretonne*, da autoría de Sophie Pascalín, prevalece o interese económico que presenta a Galicia marítima⁴⁶, o que anuncia o novo período que se abre tras a marcha de Bernard Le Gonidec e Robert Omnès, aos cales se lles rendeu homenaxe no ano 2000⁴⁷.

Logo desta data, no século XXI, por conseguinte, atopamos outros autores estudados en Rennes 2, como Manuel Rivas e o realizador Fernando León de Aranoa, e mesmo *Le celtisme dans « Nós »*, TFM anónimo e sen data, pero o máis característico deste novo período é, coido eu, a diversificación dos sectores de coñecemento que se interesan por Galicia⁴⁸ e a superación do «bilateralismo» Bretaña-Galicia, coa toma en consideración, de 1984 en diante⁴⁹ —sempre desde a Bretaña, que tamén amplía o horizonte das súas indagacións—, de Galicia ou dalgún exemplo galego no marco dunhas reflexións internacionais comparadas, a partir de características compartidas ou non. As indagacións en cuestión versan sobre a celtitude (cada vez menos) ou o interceltismo, a inscrición no espazo (*finis terrae*, rexión periférica ou terra de Europa), a cuestión dos nacionalismos ou do rexionalismo en España⁵⁰ e diversas cuestións

⁴⁶ A cría do mexillón en Galicia, as mudanzas na función produtiva dos seus portos pesqueiros (1950-1995) e os proxectos de valorización dos subprodutos do peixe (2014). Ademais, o XIII Encontro de Cinema Español de Nantes estivo dedicado ao tema «Galicia, *finis terrae* de España».

⁴⁷ Cf. Jean-Pierre Sánchez (dir.) (2000): *Galice-Bretagne-Amérique latine : mélanges offerts à Bernard Le Gonidec*, Rennes, Université de Rennes 2 Haute-Bretagne; Philippe Cahuzac / Yvon Cousquer (comps.) (2000): *Miscellanées de langues et cultures romanes et celtiques en hommage à Robert Omnès*, Brest, Université de Bretagne Occidentale.

⁴⁸ En efecto, hai TFM dirixidos, á marxe do Departamento de Español, por historiadores (D. Rolland, L. Capdvila) e docentes de información e comunicación e de bretón (cf. Nicolas Maligner: *Ar gwinierezh e Bro-C'halisia: besañs ar gwin e barzh mouezh ar bobl ha dindan skrivagnerien zo* [Herve ar Bihan dir.]). Fóra da universidade, en *Hekle ar c'hoariou. L'écho des sports et jeux traditionnels de Bretagne*, 8, decembro de 2002, pp. 44-53, publicouse un estudo de Paco Veiga titulado «Les jeux traditionnels de la Galice. Un futur à consolider», traducido do galego por Ana Pena.

⁴⁹ Cf., en *La typologie de la presse* (1986), as «Notas sobre la prensa local gallega en el primer tercio del siglo XX», de R. Villares, e «Prensa y anarquismo en Galicia», de Dionisio Pereira, ou, en *Le discours de la presse* (1989), «Conflits sociaux dans *El Socialista*. L'exemple galicien (1886-1906)», de Gérard Brey.

⁵⁰ Cf. Tudi Kernalegenn (2011): *Une approche cognitive du régionalisme : identités régionales, territoires, mouvements sociaux en Bretagne, Écosse et Galice dans les années 1970*, tese de Ciencias Políticas, dir. É. Neveu, Rennes, Université de Rennes 1.

referidas á gobernanza⁵¹, mais tamén sobre o hábitat disperso, o bilingüismo⁵², as «terras do infinito», «1491: a Bretaña, terra de Europa»⁵³, a casa rural en terras de hábitat disperso⁵⁴, os medios de comunicación⁵⁵ e as cuestións da(s) identidade(s)⁵⁶, nunha perspectiva comparada, pois, mais tamén en por si, xa que Galicia ofrece exemplos interesantes tanto para a intrahistoria da emigración⁵⁷ como para a pesca, en Nantes e na Université de Bretagne Occidentale, xunto co Institut universitaire européen de la mer, que na actualidade mantén relacións con investigadores galegos.

Alguns xeógrafos —non necesariamente bretóns, por outra banda— repararan xa nas afinidades xeolóxicas e climáticas que tiña a Bretaña con Galicia⁵⁸ e, na súa tese sobre a lousa en España (1995), Moisés Ponce de León Iglesias prestaralles particular atención aos depósitos galegos.

⁵¹ Cf. Romain Pasquier, *La capacité politique des régions : une comparaison France-Espagne*, tese de Ciencias Políticas defendida no ano 2000 na Université de Rennes 1 e publicada en PUR en 2004.

⁵² Francis Favereau (comp.) (1999): *Le bilinguisme précoce en Bretagne, en pays celtiques et en Europe atlantique : actes du Colloque international de Plésidy (Côtes-d'Armor), octobre 1997*, Klask, 5, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.

⁵³ Cf. Elisa Ferreira (1992): «Bretons et Galiciens : une rencontre à la fin du Moyen Age», en Jean Kerhervé / Tanguy Daniel (comps. e eds.), *1491. La Bretagne, terre d'Europe : colloque international, Brest, 2-4 octobre 1991*, Brest / Quimper, Centre de recherche bretonne et celtique / Société archéologique du Finistère, 67-79.

⁵⁴ Cf. Hortensio Sobrado Correa (2005): «L'habitation rurale dans la Galice de l'Époque Moderne», en Annie Antoine, *La maison rurale en pays d'habitat dispersé : de l'Antiquité au XX^e siècle*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes, 207-215.

⁵⁵ Jacques Guyot / Margarita Ledo Andiñón / Roland Michon (2000): *Production télévisée et identité culturelle en Bretagne, Galice et pays de Galles*, número temático de Klask, 6, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.

⁵⁶ Sharif Gemie (2007): «Au pays de Nunca Más : un exemple de nationalisme civique en Galice, 2002-2003», en Ronan Le Coadic, *Identités et société de Plougastel à Okinawa*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes, 141-160.

⁵⁷ Cf., por exemplo, as conversas mantidas por Bernard Le Gonidec con Servando Blanco (íd. [2004]: «Habla Servando Blanco, chófer de Pancho Villa. Notas de una entrevista a un emigrante gallego de principios del siglo XX», *Cahiers galiciens = Cadernos galegos = Kaieroù galizek*, 3, 99-126) e a comunicación que presentou en Santiago de Compostela con ocasión do congreso *Galicia: éxodos e retornos*, en xullo de 2006.


⁵⁸ Como *La structure de la virgation hercynienne de Galice* (1968) e *Les régions côtières de la Galice : étude géomorphologique* (1966), antes de Abel Bouhier publicar a súa gran tese *La Galice : essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire* (La Roche-sur-Yon, Imp. Yonnaise, 1979).

O COMITÉ BRETAGNE-GALICE (1980-2017)

Quere dicir isto que o que estivo na orixe, na Bretaña, da corrente de interese por Galicia xa non resulta perceptible e non hai *galleguistas* na terra bretoa⁵⁹? É preciso agradecerlle ao Comité Bretagne-Galice, na súa segunda época, que soubese, en conexión co Institut Culturel de Bretagne, non só manter, senón desenvolver esa corrente, de finalidade sen dúbida menos económica e máis cultural, para contribuír así, en longa colaboración coas universidades —para as que constitúe un eficaz intermediario cos bretóns—, a un mellor coñecemento de Galicia na Bretaña e á proxección internacional desta naquela, en especial mediante os irmandamentos.

Desde a súa renacemento, en 1980⁶⁰, o Comité Bretagne-Galice, baixo a presidencia de Robert Omnès, profesor de español na UBO, propúxose darlles a coñecer Galicia aos bretóns, nomeadamente coa publicación, en 1985, de *La Galice* e a tradución, en 1987, de *As cruces de pedra...*, de Castelao⁶¹ (ilustr. 3).

Tamén foi eficaz promotor de irmandamentos entre comunidades bretoas e galegas: máis dunha vintena repertoriados, cuxa vida é máis ou menos intensa⁶². Mesmo



3. *La Galice* (1985), publicada polo Comité Bretagne-Galice (Biblioteca universitaria Rennes 2)

⁵⁹ Habería que comprobar se a participación de J.-F. Botrel no IX Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (17-VII-2009), cunha comunicación sobre o tema «A imaxe dos galegos no exterior» (<http://tv.uvigo.es/video/25049>), estivo precedida por outras intervencións desde comezos da década de 1990.

⁶⁰ Cf. o informe da asemblea xeral extraordinaria do 15 de novembro de 1980, celebrada en presenza de Alexandrino Fernández Barreiro, conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, e de Victorino Rosón Ferreiro, secretario de Relacións Culturais da Xunta (cf. AD35: 101J67).

⁶¹ Alfonso R. Castelao (1987): *Les croix de pierre en Bretagne : Saint Jacques en Bretagne*, tradución de Yvon Cousquer, Brest / Rennes, CRBC / Comité Bretagne-Galice.

⁶² No ano 2010, na Bretaña, de 47 irmandamentos con España, 18 foron establecidos con localidades galegas (Dinan-Lugo, 1966, relanzado en 2011; Lorient-Vigo, 1983, reactivado en 2009; «as raíces celtas comúns

Rennes acabou por se irmandar con Santiago de Compostela⁶³. O máis recente deles é o de La Turballe con Camariñas, de setembro de 2017⁶⁴.

Mais, desde 1980 ata hoxe, o Comité Bretagne-Galice, que reúne toda sorte de competencias e de bretóns de boa vontade, tamén é, co seu boletín —hoxe dispoñible na Rede⁶⁵—, un valiosísimo produtor e transmisor de información relativa a Galicia e un intermediario cultural dirixido a non hispanistas e á sociedade bretoa.

A historia, xa longa, do Comité Bretagne-Galice merecería ser contada⁶⁶.

O CENTRE D'ÉTUDES GALICIENNES (1994-2010)

Nesta xa longa historia de relacións entre a Bretaña e Galicia, a mediados da década de 1990 a política cultural promovida pola Xunta no exterior atopa na Bretaña —como é lóxico, dado o interese manifestado por esta— unha das súas concrecións coa creación en 1994-95, mediante un convenio coa Université de Rennes 2, dun dos 41 (no 2006) centros de estudos galegos, dotado dun dos 29 lectores bolseiros seleccionados e remunerados pola mesma Xunta⁶⁷, dun director elixido pola universidade⁶⁸ e dun orzamento de funcionamento; un avance, mais tamén un cambio, debido á dimensión institucional que adquire este cen-

áchanse na orixe do irmandamento entre estes dous portos», precísase; Pornic-Baiona; baía do monte Saint-Michel - Cambados; Tréguier-Mondoñedo, 1999; Lannion-Viveiro; Paimpont-Cedeira, 1996, reactivado en 2003; Guerlédan-Sarria; Lesneven-As Pontes; Saint-Jean-Trolimon - Bretoña (A Pastoriza); Pont-l'Abbé - Betanzos; Pont-Croix - Malpica e Quimper-Ourense (2009).

⁶³ O irmandamento, que se suxerira xa en 1987 (*cf.* carta de J.-F. Botrel ao alcalde de Rennes, do 5 de xaneiro; AD35: 101J67), «decidiuse» no ano 2004 e fíxose efectivo o 5 de xuño de 2010, con ocasión dunha reunión das cidades do Arco Atlántico en Rennes. Na Oficina de Turismo desta última vila organizouse unha exposición sobre Santiago de Compostela (*Santiago Une*).

⁶⁴ Tamén cómpre sinalar os intercambios entre centros de ensino secundario, como os instaurados recentemente entre o Lycée Charles de Gaulle de Vannes e o IES de Poio (Pontevedra).

⁶⁵ Comité Bretagne-Galice. Kevredigezh Breizh-Galiza = Asociación Bretoña-Galicia (2009 e 2017): *Bulletin*, 1, 17 de xuño, e 47, xullo (bretagnegalice.blogspot.com/).

⁶⁶ *Cf.* AMR: 1078 W 105 e AD35: 101J67. Desde 1982, o Comité Bretagne-Galice estivo presidido, sucesivamente, por Robert Omnès (1930-2012), Philippe Le Goff, Philippe Renaud e, logo, Pierre Joubin.

⁶⁷ Sucesivamente, Teresa Fandiño (1994-1998), Belén Martín Franco (1998-2002), Manuel Blanco López (2002-2004), Olga Novo (2004-2007) e Déborah González.


⁶⁸ Sucesivamente, Françoise Dubosquet (1995-2000), Moisés Ponce de León Iglesias (2001-2006) e, de xaneiro a abril de 2007, Christine Rivalan Guégo.

tro —fálase entón de embaixada e embaixadores de Galicia—, e, como se verá, unha especie de diarquía que poderá ser fonte de conflito á hora de interpretar as misións do dito centro.

No haber do Centre d'études galiciennes de Rennes, que funcionou ata o ano 2010, pode anotarse o seguinte:

— unha iniciación á lingua galega que de 2001 a 2005 chegaba a entre 25 e 15 estudantes, inscritos, na súa maioría, nun programa de español, ou ben alumnos galegos de Erasmus; cifras modestas, todo hai que admitilo, mais cómpre lembrar que, grazas a uns métodos pedagóxicos axeitados e á mediación do Comité Bretagne-Galice e dos comités de irmandamento, este ensino puido chegar a un público máis amplo;

— iniciativas feitas con miras a dar a coñecer Galicia nas súas dimensións históricas e actuais: xornadas de estudos galegos⁶⁹ ou encontros con escritores galegos⁷⁰, exposicións⁷¹, conferencias⁷², proxección de filmes no marco de tres seminarios de cinema galego, actividades de dinamización⁷³ e un papel de intermediación e de impulso de proxectos⁷⁴ (ilustr. 4);



4. Ciclo de conferencias de X. M. Núñez Seixas, marzo de 2004 (Arquivo do Centro de Estudos Galegos)

⁶⁹ Como as do 7-15 de marzo de 1995 e as Xornadas Galegas de 1997.

⁷⁰ Como Francisco Martín Iglesias (Paco Martín) e Ramón Chao.

⁷¹ *14 artistas galegos, La prensa clandestina en Galicia, Día de las letras galegas* (2005); circulouse, en particular, a formada por 42 paneis e titulada *Images de la Galice : de la cartographie thématique à la cartographie numérique*.

⁷² Sobre o movemento obreiro, por José Gomez Alén (2001); o «desarrollo comarcal en Galicia», por Andrés Precedo Ledo; «Literatura e xornalismo: novas tecnoloxías», por Xosé Antonio Neira Cruz; sobre a cuestión dos nacionalismos, por Justo Beramendi, e un ciclo de conferencias de Xosé Manoel Núñez Seixas.

⁷³ Lecturas poéticas (C. Rodríguez Fer), participación en varios salóns do libro (Pluguffán), veladas galegas (como a de Paimpont de novembro de 2003), participación na Feira-Exposición de Rennes (2006) etc.

⁷⁴ Como un proxecto de dobre grao en ciencias económicas (Santiago de Compostela-Rennes 1) e outro dun museo etnolóxico na zona de Brués, mais tamén a facilitación de desprazamentos de investigadores

— a publicación, a partir do ano 2001, de *Cahiers galiciens* = *Cadernos galegos* = *Kaieroù galizek*⁷⁵. Nos catro números aparecidos, cunha tiraxe de 200 exemplares e difundidos nas universidades que posuían un departamento de galego e nos demais centros de estudos galegos, atópanse abondosas colaboracións científicas, de divulgación e de creación en catro linguas: galego, español, francés e bretón.

Os tres primeiros números presentan, en efecto, a orixinalidade, no contexto das relacións entre a Bretaña e Galicia, de acoller un fluxo —modesto, pero ben real— de traducións do galego para o bretón, sen pasar polo francés nin polo español⁷⁶. Esta mesma corrente pode constatarase daquela en Hor Yeah, editora de poemas de Manuel María, e na revista *Al Liamm*, que mesmo publicou un relato «galego» orixinal en bretón⁷⁷, a carón, abofé, de traducións do galego para o francés, e, ademais, non necesariamente na Bretaña⁷⁸.

O número 4, *Homenaxe a Emilia Pardo Bazán*⁷⁹, que se presenta como «escritora de orixe galega, de espírito cosmopolita e fundamente vinculada á cultura francesa», desencadeará, en certos ambientes de Galicia, unha campaña de denigración do director (chegarase mesmo a reprocharlle que sexa orixinario da Rioxa!) e dun Centre d'études galiciennes culpable de convidar un profesor da Universidade de Santiago a falar, entre outras cousas, da adaptación cinematográfica de *La Regenta* (cuxo autor, non obstante, é obxecto dun artigo na *Gran Enciclopedia Gallega*) por parte dun tal Fernando Méndez Leite⁸⁰.

(Luc Capdevila e Éric Gloaguen, autor dunha tese titulada *Apports d'une étude intégrée sur les relations entre granites et minéralisations filoniennes (Au et Sn-W) en contexte tardiorogénique (Chaîne Hercynienne, Galice centrale, Espagne)*, defendida na Université d'Orléans.

⁷⁵ Iniciativa de Belén Martín Franco e Hervé Le Bihan.

⁷⁶ Con traducións de poemas de Manuel María, quen en 1973 fixo unha viaxe pola Bretaña a raíz da cal publicou *Laio e clamor pola Bretaña* (Lesneven, Hor Yeah, 1996); de C. Rodríguez Fer (Lesneven, Hor Yeah, 2000), de Olga Novo e de Manuel Antonio (*Al Liamm*, 356 e 338 [2003]).

⁷⁷ Existe mesmo un relato «galego» en bretón de Herve Ar Bihan: «San Froilan» (*Al Liamm*, 318 [2000], pp. 30-34).

⁷⁸ No ano 2003, Éditions Folle Avoine publicou unha *Anthologie poétique* de Rosalía de Castro en tradución de José Carlos González.

⁷⁹ Con catorce colaboracións: seis en galego, unha en francés e sete en español.

⁸⁰ Cf. Xosé Luís Méndez Ferrín (2006): «Escándalo en Bretaña», *Faro de Vigo*, 26 de maio, 35.

Queda desta época a constitución, no seo da Biblioteca Universitaria, dun importante fondo documental sobre Galicia, partindo da base dos primeiros depósitos efectuados no ano 1990. Grazas ás doazóns realizadas por numerosas institucións galegas ás que apelou o director do centro —vicepresidente, ademais, do Comité Bretagne-Galice— e ás adquisicións realizadas polo mesmo centro entre 2001 e 2006⁸¹, este fondo comprende hoxe arredor de 1600 documentos debidamente repertoriados e conservados e fai de Rennes o centro máis importante de Francia de recursos documentais sobre Galicia⁸², postos á disposición dos lectores de Rennes e doutros lugares.

Ideada como plataforma de difusión da lingua e da cultura galegas e, accesoriamente, como motor de investigación interdisciplinar, semella que esta «embaixada cultural» de Galicia —o Centre d'études galiciennes— se debateu entre unha concepción estreita de Galicia (centrada na lingua, cun público formado por hispanistas ou galegos), unha especie de ámbito pechado que se ampliaba, non obstante, ao departamento de bretón⁸³, e unha concepción máis aberta ao exterior, susceptible de proxectar unha imaxe máis moderna e dinámica de Galicia.

Cales foron os efectos na duración desta política cultural da Xunta, da que tomou a remuda, con todas as adaptacións necesarias, unha universidade da Bretaña? Obsérvase que a prensa bretoa e a galega se fixeron eco das súas actividades en repetidas ocasións, mais é, sen dúbida, á Xunta á que corresponde facer unha avaliación.

O que é seguro é que, para alén do Centre d'études galiciennes e á marxe do ensino da lingua, o interese por Galicia en canto obxecto científico continúa a manifestarse⁸⁴. Galicia pode constituír aínda un obxecto científico en si

⁸¹ No ano 2006, a cifra facilitada polo conservador encargado do fondo ascendía a 1466.

⁸² A título de comparación, o Centre de recherches bretonnes et celtiques da UBO só ofrece 133 referencias en relación con Galicia.

⁸³ Cumpiría ver se se adoptou o mesmo enfoque noutros centros de estudos galegos. Pese a isto, Galicia non recibiu da Bretaña as mesmas mostras de atención e interese que Irlanda (cf. Catherine Laurent / Helen Davis [eds.] [1994]: *Irlande et Bretagne : vingt siècles d'histoire*, Rennes, Terre de brume; Yann Bevant / Laurent Daniel [eds.] [2015]: *Bretagne/Irlande : quelles relations ?*, Brest, CRBC).

⁸⁴ Véxase, por exemplo, o seminario organizado polo Centre de recherches bretonnes et celtiques en Rennes, o 12 de novembro de 2004, arredor da figura de Sharif Gemie, profesor titular da Université de Glamorgan e codirector do laboratorio Centre for Border Studies, que versou sobre o tema «Galicia, o *Prestige* e o movemento Nunca Máis».

mesmo⁸⁵, pero, cada vez máis —como xa vimos—, fica incluído en indagacións máis amplas por mor das súas características: atlántico, periférico, autónomo etc., cun obxectivo comparativo que excede, en gran medida, o marco bilateral Bretaña-Galicia.

Representativa da primeira corrente, que se expresou tamén fóra da Bretaña, é a investigación que se levou a cabo sobre a *Gran Enciclopedia Gallega*, con dirección de, sucesivamente, Philippe Castellano e Christine Rivalan Guégo, dous bretóns. Sen outro vencello co Centre d'études galiciennes que a participación, a título persoal, do seu director, Moisés Ponce de León Iglesias, esta empresa foi iniciada no ano 2001 no marco, máis global, dun estudo sobre as enciclopedias territoriais en España⁸⁶. Supuxo a realización de longas investigacións e intensos intercambios con Galicia⁸⁷ e desembocou nun libro publicado en 2016⁸⁸, unha achega a un mellor coñecemento de Galicia polos galegos e por todos os hispanófonos.

⁸⁵ Por veces resulta difícil distinguir entre aquelas investigacións que tratan especificamente de Galicia e aquelas outras que ilustran, a propósito duns temas obxectivamente galegos (Emilia Pardo Bazán, Valle-Inclán ou Manuel Rivas, por exemplo), unha problemática máis xeral.

⁸⁶ Jean-François Botrel (2002): «Enciclopedias, identidad y territorios en la España postfranquista», en Juan Miguel de las Voces (coord.), *Prensa, impresos y territorios en el mundo hispánico contemporáneo*, Pessac, PILAR (Presse, Imprimés, Lecture dans l'Aire Romane) / Université Michel-de-Montaigne - Bordeaux 3. Posteriormente dedicáronse varios artigos á *Gran Enciclopedia Gallega*: Françoise Dubosquet (2003): «La Gran Enciclopedia Gallega: en busca de una identidad gallega», en Nathalie Ludec (coord.), *Prensa, impresos y territorios: obras de referencia y espacios regionales en el mundo hispánico contemporáneo*, Rennes, PILAR (Presse, Imprimés, Lecture dans l'Aire Romane) / Université Rennes 2, 45-62; íd. (2005): «Toponymie et ethnocentrisme : l'exemple de la *Gran Enciclopedia Gallega*», en Martine Schuwer (ed.), *Parole et pouvoir : enjeux politiques et identitaires*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes, 179-192; Jean-François Botrel / Philippe Castellano / Roselyne Mogin-Martin / Christine Rivalan Guégo (2006): «La *Gran Enciclopedia Gallega* (1972-1991) : une entreprise d'affirmation identitaire ?», en Emmanuel Larraz (ed.), *Parcours et repères d'une identité régionale : la Galice au XX^e siècle*, 23, Dijon, Hispanística XX / Université de Bourgogne, 191-213.

⁸⁷ En particular coa organización, en marzo de 2008, dun seminario que contou coa participación de Ramón Villares, Basilio Losada e Perfecto Conde Muruais, así como o grupo de investigadores das universidades de Rennes 2 e Angers.

⁸⁸ Christine Rivalan Guégo (dir.) (2016): *Gran Enciclopedia Gallega (1974-1991): la forja de una identidad*, Gijón, Trea.

HOXE E MAÑÁ: OLLARES CRUZADOS PARA OBXECTOS COMPARTIDOS

Nunca houbo Pireneos entre Galicia e a Bretaña, non houbo máis nada que o golfo de Biscaia ou de Gascaña, e, ao fío do tempo, grazas ao home e á mellora das comunicacións, mais tamén a Europa, a distancia física que segue a separar estes dous *fines terrae* europeos tivo, paradoxalmente, tendencia a unilos⁸⁹.

Baixo case todos os seus aspectos, Galicia tornouse un obxecto ben identificado, un obxecto en si mesmo ou con relación a outros, inclusive fóra da esfera do hispanismo da que xurdiu, e, malia que aquí se ache sempre un interese particular por ela, a Bretaña non tivo, felizmente, o monopolio dese interese por Galicia⁹⁰ e a atención que lle presta aquela a esta ou esta a aquela non constitúen os únicos ollares que deitan ambas sobre Europa e o mundo.

Falta que, como escribe Ramón Villares⁹¹, «a Bretaña e Galicia poidan constituír dous magníficos exemplos de pobos europeos, sen perderen a súa identidade máis íntima», e que se trate, efectivamente, dun tema «que sería interesante estudarmos xuntos»: dous *fines terrae* entre outros, con especificidades, semellanzas e diferenzas que preservar e cultivar no conxunto europeo que os engloba.

⁸⁹ Como consecuencia desta corrente de interese mutuo, pódese sinalar o asentamento de estudantes bretóns en Galicia e a presenza frecuente na Bretaña de Claudio Rodríguez Fer e María Lopo, e mesmo a publicación no ano 2019, nas Presses Universitaires de Rennes, de *Terre de Galice : histoire d'un finistère européen*, tradución para o francés da última versión da *Historia de Galicia* de Ramón Villares, así como outra publicación, por parte da Xunta de Galicia, dunha antoloxía de poetas bretóns (*Canto e contracanto: antoloxía de poetas de Bretaña*) e dun *Barzhaz Bihan Galiza: mostra de poesía galega*, antoloxía de poemas en galego traducidos para o bretón.

⁹⁰ Cómpre citar, obviamente, as investigacións realizadas en Niza por Nelly Le Gall-Clemessy, finada en datas recentes, sobre Emilia Pardo Bazán, e as que levaron a cabo en Dijon Éliane e Jean-Marie Lavaud sobre Valle-Inclán, así como Gérard Brey sobre o movemento sindical, mais tamén cabe sinalar o interese bordelés polas *Campagnes françaises et ibériques de l'Atlantique* (1998) e as distintas teses de temática galega defendidas nas universidades francesas, como a de María Luis Gamallo Duarte titulada *Émergence d'un nouveau roman en Galice : idéologie, esthétique, imaginaire* (Université de Paris 3, 2003), e outros traballos dos que dá conta Ramón Villares na súa *Historia de Galicia*.

⁹¹ *La Bretagne dans la culture galicienne...*, *op. cit.*, p. 25.